

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 21-2021). CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ENTIDADE CAFÉS CANDELAS SL B27013713 PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FESTAS DO SAN FROILÁN 2021”.

Visto o expediente tramitado relativo ao compromiso firme de financiamento polo importe de 1.500,00 € en base ao Convenio de Colaboración asinado entre o Excmo. Concello de Lugo e a Entidade CAFÉS CANDELAS SL B27013713, mediante Resolución 9401/2021 de 02/11/2021 do Libro Único de Decretos, así como o coeficiente de financiamento afectado 0,0017 %, propúxose a tramitación do correspondente expediente de crédito mediante a modalidade de xeración de crédito (compromisos firmes de aportación), e examinados os antecedentes obrantes no expediente:

-Proposta de data 11/11/2021 de iniciación do expediente de modificación de crédito, mediante a modalidade de xeración de crédito por mor da executividade dos recursos afectados.

- **Programa “San Froilán 2021”.**
- Importe total **Gasto subvencionable: 1.500,00 €**
- Importe Subvención: 1.500,00 €.
- Observacións: Financiamento.
- ✓ Xeración de crédito: 1.500,00 €.

ESTADO DE INGRESOS: Dereitos recoñecidos da empresa mencionada.-

Concepto	Código proxecto	Importe
47000	213380101	1.500,00 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base a ingresos efectivos.-

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Importe
33801.22699	213380101	1.500,00 €

OBSERVACIÓNs:

San Froilán 2021

- Aportación:

Entidade CAFÉS CANDELAS SL B27013713: 3.000,00 €

Coeficientes de Financiamento Teórico o inicial: 0,0017 %

INTERVENCIÓN

MVF/mjlc

Refª: ispac2428432106739333201.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 21-2021 CAFES CANDELAS

Total estimación de crédito inicial CP San Froilán 213380101: 869.000,00 euros

Total crédito proposta de xeración CP San Froilán 213380101: 1.500,00 euros

-Informe favorable da Intervención Xeral Municipal Ref. 2021/1770 do día 10.11.2021.

Vistos os antecedentes anteriores, considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 21-2021), introducíndose nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

ESTADO DE INGRESOS: Dereitos recoñecidos da empresa mencionada.-

Concepto	Código proxecto	Importe
47000	213380101	1.500,00 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base a ingresos efectivos.-

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Importe
33801.22699	213380101	1.500,00 €

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.